



## **Martín Baqueiro Villafines proclámase Campión Provincial de Pontevedra de Compak Sporting**

O pasado día 11 de maio tiña lugar no campo de tiro "Eido Dalbo" sito en Xinzo (Pontereas), o Campionato Provincial de Pontevedra de Compak Sporting, organizado pola Federación Galega de Caza en Pontevedra en colaboración coa Sociedade Deportiva "Club de Tiro Eido Dalbo".

Un total de 47 tiradores participaban na proba que se disputaba a 100 pratos, e na que no ganador tiña que ser decidido por desempate entre tres participantes. Finalmente foi Martín Baqueiro Villafines o gañador ao derrubar un total de 89 pratos (22 no desempate), e por tanto proclamábase Campión Provincial. Segundo clasificado era Francisco Javier Rivero Martínez quen remataba a proba con 89 pratos escachados (21 no desempate); e na terceira posición quedaba José Manuel Da Silva Fernández, con 89 pratos (19 no desempate).

Na categoría de donas, vencía Silvia Rodríguez Durán ao escachar 62 pratos; en xuveniles facía o propio Manuel Garrido Brito, con 74 pratos escachados; en veteranos era José María González Rodríguez quen vencía con 72 pratos; e Antonio García González con 65 pratos quen gañaba en superveteranos.

Así pois os cinco primeitos clasificados absolutos foron:

Pos.	Tirador	Pratos
<b>1º</b>	Martín Baqueiro Villafines	89 (22)
<b>2º</b>	Francisco Javier Rivero Martínez	89 (21)
<b>3º</b>	José Manuel Da Silva Fernández	89 (19)
<b>4º</b>	José Carlos Álvarez Pazó	88
<b>5º</b>	Juan Carlos Costas Pereira	87

